

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 06/05/2017.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D. Manuel Beceiro Couce.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Manuel Romero Castrillón.  
D<sup>a</sup> María Belén Trigo Meizoso.  
D. Eduardo Lourido Doval.

Concelleiras ausentes:

D<sup>a</sup> Sabela Iñiguez Cinza.  
D<sup>a</sup> Cristina Calvo Tuimil.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e un minutos do día seis de maio de dous mil dezasete, comparecen os Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de marzo do presente ano dous mil dezasete. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA CRISTINA CALVO TUIMIL.**

Non estando presente a Concelleira electa, que foi convocada para a presente sesión, non resulta posible a súa toma de posesión, polo que o Sr. Alcalde ordear pasar ó debate do seguinte punto da Orde do Día, o que seguidamente se fai.

### TERCEIRO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta dos decretos emitidos desde a última sesión ordinaria, dos que xa se deu conta á Xunta de Goberno e que son os que de seguido se resumen:

<b>Data</b>	<b>Número</b>	<b>Materia</b>
01/03/17	22/2017	Autorización dunha modificación de xornada nja EIM A Rolada
01/03/17	23/2017	Designación de representación e defensa para xuízo.
02/03/17	24/2017	Valoración de solicitudes para o CME
02/03/17	25/2017	Valoración de solicitudes para o CME
02/03/17	26/2017	Delegación de funcións da Alcaldía, por ausencia
08/03/17	27/2017	Admisión de solicitantes para bolsa de emprego en SAD
08/03/17	28/2017	Autorización de excedencia da arquitecta municipal
08/03/17	29/2017	Resposta a solicitude de suspensión de sanción
09/03/17	30/2017	Remisión de expediente sancionador ao Xulgado
09/03/17	31/2017	Valoración de solicitudes para o CME
17/03/17	32/2017	Aprobación das bases para subvencións de cultura e deporte e de axudas para estudos
21/03/17	33/2017	Nomeamento de funcionaria interina
28/03/17	34/2017	Adxudicación de praza en Escola Infantil
28/03/17	35/2017	Adxudicación de local en Centro de Empresas
30/03/17	36/2017	Aprobación de gastos de Seguridade Social
31/03/17	37/2017	Solicitude de subvención do programa Leader do PDR 2017
31/03/17	38/2017	Solicitude de transferencia finalista para servizos sociais 2017
10/04/17	39/2017	Adxudicación de contrato de limpeza de edificios
10/04/17	40/2017	Adxudicación de contrato de mantemento e conservación de zonas verdes
10/04/17	41/2017	Concesión de praza na EIM A Rolada
17/04/17	42/2017	Aprobación de expediente para contratación de obra
20/04/17	43/2017	Autorización para uso de local no CME
20/04/17	44/2017	Autorización para uso de local no CME
20/04/17	45/2017	Autorización para uso de local no CME
20/04/17	46/2017	Autorización para uso de local no CME
20/04/17	47/2017	Autorización para uso de local no CME
20/04/17	48/2017	Autorización para uso de local no CME
20/04/17	49/2017	Autorización para uso de local no CME
20/04/17	50/2017	Autorización para uso de local no CME
20/04/17	51/2017	Autorización para uso de local no CME
20/04/17	52/2017	Autorización para uso de local no CME
21/04/17	53/2017	Delegación para sinatura de convenios con entidades
21/04/17	54/2017	Admisión de solicitudes de praza na EIM A Rolada
21/04/17	55/2017	Listado adxudicación prazas na EIM A Rolada
26/04/17	56/2017	Modificación xornada solicitada e alta comedor na EIM
28/04/17	57/2017	Convocatoria sesión plenaria 6 maio
28/04/17	58/2017	Modificación xornada na EIM

A Corporación queda enterada do contido deses decretos ou resolucións.

#### CUARTO. APROBACIÓN DEFINITIVA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta do expediente tramitado para a ampliación da delegación de competencias tributarias na Deputación Provincial, no que obra o acordo plenario de aprobación inicial, que foi exposto ó público mediante anuncio no BOP sen que durante o prazo regulamentario se presentasen reclamacións, polo que procede a adopción de acordo definitivo, segundo o previsto na Base 9ª das que regulan a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia (DOG nº 6, do 10/01/2017), do que deberá remitirse certificación á Deputación para a aceptación desta delegación.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda elevar a definitivo o acordo de delegación de competencias tributarias na Deputación adoptado na sesión do 16/02/2017, e ordear a remisión dunha certificación do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña, coa brevidade posible, ós efectos antes indicados.

#### QUINTO. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta polo Sr. Soto da necesidade de modificar a Ordenanza Fiscal P-3, reguladora do servizo de axuda no fogar, únicamente no referido ó seu Anexo III, que recolle o contrato ou acordo de prestación do servizo que se asina polas persoas usuarias, e que debe substituírse, de conformidade coas recomendacións recibidas tras a última inspección do servizo por parte da Xunta, por dous modelos diferentes, un para usuarios dependentes e outro para os de libre acceso, completando o seu contido nalgúns apartados. Os membros da Corporación xa coñecen e teñen copia do contido destas pequenas modificacións.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Lourido di que a proposta lle parece adecuada, xa que ven motivada por unha recomendación da Xunta e avalada pola traballadora social municipal.

O Sr. Romero tamén amosa a súa conformidade coa proposta, solicitando que, na medida do posible, se aumenten progresivamente as horas de prestación do servizo para reducir a lista de espera, xa que considera que se trata dun servizo prioritario.

O Sr. Soto rexeita entrar en debates alleos ó obxecto do presente acordo, indicando que se traballa para prestar o maior número posible de horas, que o prezo real de prestación non é de 12,40 euros, como di a Xunta, e que non se debe facer demagogia con estes temas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda aprobar a expresada modificación do Anexo III da Ordenanza Fiscal P-3, reguladora do servizo de axuda no fogar, e dispor que se realicen coa brevidade posible os trámites precisos para a súa entrada en vigor.

#### SEXTO. ACORDO SOBRE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.

Dase conta polo Sr. Soto do novo Inventario Municipal de Bens realizado coa axuda económica da Deputación a través dun dos seus programas de colaboración cos concellos, xa que se trata de traballos que teñen un custe económico importante. Tamén se dispón dun Inventario actualizado de camiños municipais, realizado polo Concello no ano 2015, que se aprobará conxuntamente co anterior. A proposta do grupo de goberno é que se sometan estes dous documentos a un trámite de información pública previa á súa aprobación, polo prazo de dous meses, para que a veciñanza e tódalas persoas que poidan resultar afectadas teñan a oportunidade de consultalos e de presentar as solicitudes de modificación ou propostas que consideren oportunas.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Lourido amósase conforme coa proposta, como con todas as que supoñan transparencia e participación veciñal.

O Sr. Romero tamén manifesta a súa conformidade coa proposta, expresando o seu desexo de que a publicidade se faga de maneira que tódalas persoas interesadas teñan fácil acceso.

O Sr. Alcalde interven brevemente para suliñar a necesidade deste Inventario para o Concello, xa que o anterior, que databa dos anos 90, está soamente en formato papel, o que imposibilita unha xestión axeitada coas novas tecnoloxías, e insiste no carácter previo e voluntario desta exposición pública, coa que se pretende pulir, completar e mellorar eses importantes documentos, especialmente no referido ós camiños. Di tamén que se encargarán mapas informativos para que a veciñanza poida consultar a documentación exposta.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda someter a exposición pública, durante o prazo de dous meses, o proxecto de Inventario Municipal de Bens deste Concello, do que forma parte o Inventario de Camiños Públicos de San Sadurniño, para que a veciñanza e tódalas persoas que poidan resultar afectadas teñan a oportunidade de consultalos e de presentar as solicitudes de modificación ou propostas que consideren oportunas.

#### SÉTIMO. ACORDO RELATIVO Á DESAFECTACIÓN DUN TREITO DUN CAMIÑO PÚBLICO.

Dase conta do expediente iniciado para a desafectación dun pequeno tramo de vía pública non utilizada no lugar de Campolabrado, da parroquia de Naraío, para a súa posterior calificación como sobrante de vía pública e venda aos propietarios colindantes, que debe ser exposto ó público antes da adopción do correspondente acordo por maioría absoluta do Pleno. Dase conta tamén dos informes técnico e xurídico favorables, obrantes no expediente. Trátase da vía pública sinalada no vixente Inventario co número 342.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urgente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda dispor o inicio do expediente de desafectación de que se trata coa exposición pública polo prazo dun mes.

#### OITAVO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO SUPERAVIT DOS CONCELLOS GALEGOS.

Dase conta do contido da moción presentada polo BNG con data do 27/04/17, que o Sr. Soto resume brevemente e que literalmente di o seguinte:

*“O Ministro de Economía vén de gabarse do cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administracións públicas en 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, un 0,6 por 100 do PIB. Non se trata, ademais, dun dato puntual, dado que desde 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, que en termos agregados aproxímase aos 26.000 millóns de euros.*

*Malia este esforzo económico emprendido polos concellos, a recente publicación do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantén as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición adicional 6ª da LOEPSF introducida pola LO 9/2013 de Control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos financeiros sustentábeis, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando até hoxe.*

*Estas normas impoñen aos concellos regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar –como acontece agora na maioría de entidades locais– un período continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.*

*Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a exixencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas municipais, ao tempo que se permite unha ampla lasitude na extensión do gasto noutros servizos públicos, sen dúbida menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da sociedade, como é o caso do incremento do gasto asociado aos servizos de defensa, nun 32 por 100.*

*A contención do gasto que se impón ás corporacións locais, ademais de inxustificada da perspectiva económica, é arbitraria respecto doutras administracións e non garda relación coas preocupacións e necesidades das maiorías sociais. Contrasta que sendo as entidades locais cumpridoras de estritas obrigas nun escenario económico adverso, cando obteñen unha melloría nos seus resultados, teñan que continuar con limitacións severas mentres que outras políticas públicas, como a citada do gasto militar, xa non tiveron que afrontar unha contracción de gasto de tanto calado como a imposta aos concellos e*

*agora son as que teñen a preferencia do Goberno central para expandir a capacidade de gasto. Por todo iso, o Grupo municipal do BNG, presenta o seguinte*

#### **ACORDO**

*1. Instar ao Goberno do Estado a derrogar o artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.*

*2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación lexislativa:*

*•Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.*

*•Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.*

*3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.*

*4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións lexislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.”*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Lourido manifesta a súa conformidade co contido da moción, semellante a outras defendidas polo PSOE, e pregunta ata cando durará esta limitación que perxudica á veciñanza e que non ten sentido en moitos concellos ben administrados e economicamente saneados.

O Sr. Romero toma a palabra para defender unha emenda á moción de que se trata, que incluíría un redeseño da regra de gasto por parte dun grupo de traballo con representación de tódalas partes implicadas e unha comprobación da compatibilidade coa normativa europea pola autoridade fiscal. Lembra que a aplicación da regra de gasto polo goberno de Zapatero permitiu sair da crise, axudada pola racionalización do gasto que realizou Rajoy, e di que se deben adoptar medidas que favorezan o investimento, pero sen deixar de lado a regra de gasto. Di tamén que en Galicia, a pesar da crise, adoptáronse medidas para garantir os servizos municipais, e sempre se mantivo o importe das aportacións aos concellos.

O Sr. Soto di que se prantexaron moitas cousas, pero que o obxecto da moción presentada é unicamente permitir a aplicación do superávit dos concellos a investimentos sostibles, e que a garantía de ingresos da Xunta non afecta a educación e sanidade, de competencia autonómica, excepto polo referido ós conserxes de centros escolares, que si é competencia municipal, o que é un contrasentido. Polo referido á participación nos ingresos, di que en San Sadurniño recíbese o mesmo que os anos anteriores, non se sabe donde van os incrementos dos que fala a Xunta. A moción defende unha postura apoiada por alcaldes de tódalas forzas políticas, polo que non se entende a razón da resistencia que está a suscitar aquí.

O Sr. Romero di que pode que se deba cambiar a normativa, pero tamén é certo que moitos negocios tiveron que pechar polos retrasos ou impagos dalgunhas administracións.

O Sr. Alcalde interven brevemente para dicir que a maior parte do déficit global dos concellos ven duns poucos concellos grandes, como Madrid ou Valencia, e que no resto no hai déficit.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

**URXENCIA.** Antes de pasar ó noveno e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non habendo mocións urxentes que debatir, pásase de seguido ó debate do último punto da Orde do Día.

#### **NOVENO. ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Lourido formula unha petición relativa ó Punto de Atención Continuada con que conta San Sadurniño, recollendo demandas da veciñanza: Trátase de que un dos médicos dese centro atópase en situación de baixa médica de longa duración, e ven sendo substituído por diferentes doutores durante periodos curtos de tempo, o que, sen mermar a calidade do servizo, xenera certa desconfianza entre algúns usuarios e disfuncionalidades nalgúns aspectos do mesmo, polo que sería conveniente tratar de cubrir esa praza de maneira máis estable ou permanente.

Tamén prantexa o Sr. Lourido a conveniencia de axilizar as autorizacións para a limpeza de marxes dos ríos que outorga Augas de Galicia, para permitir un adecuado mantemento, sobre todo nos cauces que poden afectar a tramos dalgunhas vías públicas, coa finalidade de mellorar a seguridade vial.

O Sr. Alcalde resposta que, no tema da substitución do médico, o problema deriva dos recortes aplicados na sanidade, que afectan ó réxime de substitucións, e que se solicitará por escrito da Consellería que se busque unha solución a este problema.

Polo referido á limpeza de cauces, o problema é que non se pode facer unha solicitude xenérica para unha zona ou un río, porque o modelo de solicitude de autorización esixe determinar o lugar concreto de cada actuación que se proxecte, pero que se farán xestións diante de Augas de Galicia para tratar de acadar unha solución a este problema.

Interven de seguido o Sr. Romero, para preguntar polos locais que se proxectaba habilitar para os grupos políticos municipais.

O Sr. Alcalde resposta que xa se adoptou en xunta de portavoces un compromiso relativo a este asunto, que debe materializarse co presuposto vixente, que apenas leva en vigor unhas semanas, e que ademáis calquera grupo do Concello pode utilizar outras dependencias municipais disponibles para o que precise.

Pregunta tamén o Sr. Romero cantos locais do Centro de Empresas están xa ocupados, respostándolle o Sr. Alcalde que soamente queda por ocupar un deles, na pranta baixa, no que se instalará previsiblemente Correos.

Prantexa de seguido o Sr. Romero unha cuestión relacionada coa selección de persoal recentemente realizada, e di que accedeu como funcionaria interina unha persoa que é militante e candidata do BNG, como non podía ser doutra maneira, e que o que critican noutros concellos o fan neste. Prodúcese varias intervencións simultáneas imposibles de transcribir, e o Sr. Romero explica que e que o motivo da súa pregunta é unha solicitude pendente de devolución das taxas de exame.

O Sr. Alcalde resposta que a selección se fixo segundo o informado por Secretaría, e que o tribunal estaba formado íntegramente por funcionarios de carreira designados por outras administracións ás que se solicitaron, e que, se hai dúbidas, debería presentarse a oportuna denuncia. En canto ás solicitudes de devolución das taxas de exame, o Secretario explica, a instancia da Alcaldía, que das dúas solicitudes de devolución atendérase unha, motivada na duplicidade do ingreso, e denégárase outra que non se considerou debidamente xustificada.

O Sr. Alcalde pregunta de seguido ó Sr. Romero por unha instalación de hostelería da súa titularidade, anunciada na prensa e que carece de autorización municipal, respostándose polo Sr. Romero que se trata dun novo punto de venta dentro dun establecemento xa existente, polo que non precisa autorización previa.

Toma a palabra de seguido o Sr. Lourido, para dicir que lle parecen penosos estes personalismos nos que derivou o debate plenario, que como representantes dos veciños deberían dar exemplo de educación e manter un debate sen saídas de tono nin groserías, e solicita unha desculpa do Sr. Soto hacia o Sr. Romero polas palabras despectivas e inadecuadas coas que se dirixiu a el hai uns instantes.

O Sr. Alcalde asume a responsabilidade pola súa función de manter a orde nas sesións, e coincide en que se deben gardar as formas neste tipo de actos. O Sr. Soto di que non faltou ó respecto a ninguén e non ten porqué desculparse. O Sr. Alcalde insiste nas súas desculpas e xustifica o dito pola indignación provocada polas sospeitas relativas ó referido procedemento selectivo.



E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vintenove minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,